



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Prácticas externas	Código	612G01048	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público			
Coordinación	Aba Catoira, Ana María	Correo electrónico	ana.abac@udc.es	
Profesorado	Aba Catoira, Ana María Bello Janeiro, Domingo Carril Vázquez, Xosé Manuel Pérez Álvarez, Miguel Angel Quintans Eiras, María Rocio Raposo Arceo, Juan Jesus Souto García, Eva María Vizcaino Ramos, Iván	Correo electrónico	ana.abac@udc.es domingo.bello@udc.es xose.manuel.carril.vazquez@udc.es miguel.angel.perez.alvarez@udc.es rocio.quintans@udc.es juan.raposo.arceo@udc.es eva.maria.soutog@udc.es i.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	As practicas curriculares ten como obxecto facilitar unha aproximación dos estudantes ao mundo laboral. Deste xeito, poden coñecer unha realidade mais difícil de acadar nas clases teóricas ou mesmo interactivas. As prácticas terán lugar en entidades ou empresas que previamente asinaron un convenio coa Universidade.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Tendo en conta as particularidades desta asignatura, se no fose posible facer as prácticas, ben pola situación sanitaria, ben por no ter acadado o necesario número de postos para facelas, as prácticas externas serán canceladas e os estudantes deberán escoller outra optativa. De producirse esta situación, advertirase a os estudantes matriculados antes do comezo do segundo cuatrimestre. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).



A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
A15	Capacidade de negociación e mediación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B9	Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.
B10	Traballar de forma colaborativa.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo, amosando capacidade de expresión tanto oral como escrita en calquera das linguas oficiais da comunidade autónoma, así como nun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comportarse con ética	A1		
	A4		
	A9		
	A11		
	A15		
Capacidade para o manexo de fontes xurídicas		B7	
		B9	
		B10	
		B11	
		B12	
		B2	
		B3	
		B4	
Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico			C4
			C5
			C6
			C7

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Esta materia complementa a formación global do estudante, ofrecendo a posibilidade de aplicar os contidos apresos ao longo do Grado en Dereito. Os estudantes poden aproximarse a distintos ámbitos do mundo profesional, o que aporta unha experiencia valiosa na orientación profesional do alumno e facilita o seu inserción no mercado laboral.</p> <p>As prácticas curriculares realízanse mediante unha estancia de 100 horas nunha entidade colaboradora da UDC, a razón de cinco horas diarias durante catro semanas, que serán as últimas do cuatrimestre salvo casos excepcionais en que sexa necesaria a adaptación ao funcionamento da entidade colaboradora.</p> <p>O lugar das prácticas e o traballo en concreto que desenvolverán os estudantes dependerá das entidades colaboradoras e das orientacións do titor profesional. Sempre que asinen o mencionado convenio coa facultade, as prácticas poderán realizarse, entre outros lugares, en xulgados e tribunais, fiscalía, despachos de avogados ou procuradores, notarías, rexistros da propiedade, concellos, Xunta de Galicia ou outras entidades públicas, ou en departamentos xurídicos de empresas privadas.</p> <p>Os estudantes terán que realizar as tarefas que lles asignen na entidade colaboradora. O titor profesional designado pola entidade encargarse de supervisar o traballo do alumno e o titor académico nomeado pola facultade será o responsable da cualificación. Os estudantes deberán realizar unha memoria que entregarán ao seu titor académico ao concluír as prácticas.</p>	<p>Especificación en el correspondiente proyecto formativo</p>
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe servizo	A4 A9 A11 A15 B7 B9 B10 B11 B12 B2 B3 B4 C4 C5 C6 C7	10	3	13
Prácticas clínicas	A1 A4 A9 A11 A15 B7 B9 B10 B11 B12 B2 B3 B4 C4 C5 C6 C7	90	45	135
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe servizo	O aprendizaxe-servizo é unha metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto; os estudantes complementan a súa formación práctica á vez que traballan para mellorar necesidades reais da súa contorna social. Debido á particularidade desta metodoloxía, daranse instrucións específicas aos alumnos que opten por esta modalidade.
Prácticas clínicas	As prácticas externas se realizarán de acordo coa entidade colaboradora, procurando que completen na mellor medida posible a formación teórica do/a estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe servizo Prácticas clínicas	Cada alumno contará cun titor académico ao que lle terá que presentar a memoria sobre a actividade desenvolvida, e resolverá as dúbidas que teña o estudante.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A1 A4 A9 A11 A15 B7 B9 B10 B11 B12 B2 B3 B4 C4 C5 C6 C7	Para superar a materia de prácticas externas, o estudante debe completar as 100 horas de prácticas na entidade colaboradora. Para a súa avaliación terase en conta a memoria que debe realizar o estudante, que contará un 60 % na calificación final, e o informe que elabore o titor profesional, que contará un 40 % na cualificación final.	100

Observacións avaliación

--

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A dinámica das prácticas require unha comunicación frecuente entre o profesor encargado e os alumnos; toda a información e documentación necesaria para o desenvolvemento das prácticas será publicada en Moodle. Os alumnos deben consultar a plataforma coa frecuencia necesaria para estar puntualmente informados. A matrícula das prácticas externas no poderá ser modificada dende o día que comeza o segundo cuatrimestre. Aconséllase aos alumnos que lean detidamente o Regulamento de prácticas externas da UDC (dispoñible en <https://www.udc.es/practicasesexternas/>).

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías